



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA. SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS

Anuncio

Acordo do 28 de xuño de 2024, da Dirección Territorial da Consellería de Economía e Industria de Lugo, polo que se someten a información pública o proxecto de explotación, o estudo de impacto ambiental e o plan de restauración, achegados xunto coa solicitude de ampliación da autorización de aproveitamento de recursos mineiros da sección A) denominada "Grande Mesada" número 276, situada no termo municipal de Mondoñedo, na provincia de Lugo

En cumprimento do disposto no artigo 23 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia, no artigo 36 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e no artigo 6 do Real Decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras, sométese ao trámite de información pública o proxecto de explotación, o estudo de impacto ambiental e o plan de restauración, achegados xunto coa solicitude de ampliación da autorización de aproveitamento de recursos mineiros da sección A) denominada "Grande Mesada" número 276, presentada polo promotor Canteras Isidro Otero, S.L. A dita explotación mineira está situada no termo municipal de Mondoñedo, na provincia de Lugo.

O que se fai público facendo constar que, durante o prazo de trinta (30) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia, o proxecto de explotación, o estudo de impacto ambiental o plan de restauración e demais documentación anexa, atópanse dispoñibles ao público, para a súa consulta, no Servizo de Enerxía e Minas da Dirección Territorial da Consellería de Economía e Industria de Lugo, e no portal web da dita Consellería <https://economia.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/explotacions-mineiras>. As posibles alegacións presentaranse durante o prazo sinalado, dirixidas ao director territorial, en calquera das oficinas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lugo, 28 de xuño de 2024.- O director territorial de Lugo, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 2124

CONCELLOS

CERVANTES

Anuncio

O Pleno do Concello de Cervantes, en sesión extraordinaria celebrada o día 12 de xullo de 2024 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos n.º 10/2024 baixo a modalidade de Suplemento de créditos financiado con remanente líquido de tesourería, destinado a financiar gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte para os que o crédito consignado no vixente Orzamento da Corporación é insuficiente e non ampliable.

O expediente expónse ao público polo prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

De conformidade co acordo adoptado, o expediente considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Cervantes, 12 de xullo de 2024.- O Alcalde Benigno Gómez Tadín.

R. 2125

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 12 de xullo de 2024 aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de xuño de 2024.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Folgoso do Courel, 12 de xullo de 2024.- A alcaldesa presidenta, Dolores Castro Ochoa.

R. 2126

LUGO

Anuncio

Por decreto 5776/2024 de 17 de xuño do Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Transición Ecolóxica en substitución do Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos do Concello de Lugo polo que se pon de manifesto o expediente instruído para a prescrición de obrigacións e ordes de pago, logo de instruír polos servizos competentes expediente de prescrición de obrigacións que se detallan a continuación, ábrese por prazo de 20 días (artigo 82 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) trámite de audiencia e, no seu caso, de información pública, a fin de que quen puidesen terse por interesados no devandito expediente, poidan compadecer e formular cantas alegacións, suxestións ou reclamacións teñan por conveniente.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica desta Entidade [www.lugo.gal].

Relación de titulares de créditos que figuran no expediente e que poden verse afectados polo mesmo:

NIF TERCERO	NOMTERCERO	PPTO	COD FUNCION	COD ECO PART	Pendiente (€)
B27225648	REGO MONTAJES ELECTRICOS Y TELECOMUNICACIONES SL	2013	16510	22799	1.140,24
G27412568	CLUB KICKBOXING ARCOS ASTUR	2013	23200	22699	475,00
U70317847	UTE CARCEL LUGO 11	2013	24400	63200	5.887,34
17208915Q	COROAS*RODRIGUEZ,MARIA BENIGNA	2014	24100	48100	220,05
17208915Q	COROAS*RODRIGUEZ,MARIA BENIGNA	2014	24100	48100	144,90
17208915Q	COROAS*RODRIGUEZ,MARIA BENIGNA	2014	24100	48100	97,30
B27024645	DESGUACES A GANDARA SL	2014	92005	21400	42,35
F27005164	CAIXA RURAL GALEGA SDAD COOP DE CREDITO LTDA GALLE	2014	92005	35800	47,98
F27005164	CAIXA RURAL GALEGA SDAD COOP DE CREDITO LTDA GALLE	2014	92005	35800	45,87
G84451087	UNICEF COMITE DE GALICIA	2014	91201	22699	60,00
Q2769002C	TESORERIA GRAL DE LA SS.SS.DIRECCION PROVINCIAL LUGO	2014	22100	16000	36,00

Q2861001B	MUFACE	2014	22100	16000	116,11
G27412568	CLUB KICKBOXING ARCOS ASTUR	2015	34100	48900	68,13
X9931255Q	JASSI,IMBEMBA	2015	23179	48901	145,00
A27006402	PROMOTORA ALOJAMIENTOS LUCENSE SA	2016	91201	22699	94,00
A36055234	EDICIONS DO CUMIO SA	2016	33211	62500	197,75
A36603314	EDITORIAL GALAXIA SA	2016	33211	62500	1.316,78
A36617496	EDICIONS XERAIS DE GALICIA SA	2016	33211	62500	1.303,09
A81948077	ENDESA ENERGIA SAU	2016	93301	22100	348,54
B15078892	HERCULES DE EDICIONES S L	2016	33211	62500	119,30
B15298128	EDICIONS LAIOVENTO	2016	33211	62500	159,55
B15400062	TOXOSOUTOS SL	2016	33211	62500	48,99
B15504665	EDICIONS POSITIVAS	2016	33211	62500	15,00
B15635246	BAIA EDICIONS A CORUÑA S L	2016	33211	62500	137,85
B15969066	EDICIONES BOLANDA SL	2016	33211	62500	126,00
B27704600	HAPPY FAMILY SL	2016	33211	62500	27,60
B27787910	BELAGUA EDICIONES Y COMUNICACION	2016	33211	62500	85,70
B36302024	KALANDRAKA SL	2016	33211	62500	460,00
B36302024	KALANDRAKA SL	2016	33211	62500	312,00
B36501880	RINOCERONTE EDITORA SLU	2016	33211	62500	123,00
B70131743	FAUSTO DESEÑO ASOCIADOS SL	2016	33211	62500	70,00
B70397617	EDITORIAL BULULU SL	2016	33211	62500	45,90
G70109376	FUNDACION MANUEL MARIA DE ESTUDOS GALEGOS	2016	33211	62500	191,00
32685697Y	ALVAREZ*MARTINEZ,MARIA JOSEFA	2017	16000	22799	496,08
B27321926	TA TA TA COMUNICACION Y DISEÑO	2017	33000	22699	209,56
09755917F	FERNANDEZ*RODRIGUEZ,CARLOS	2018	33430	22699	150,00
B15843394	CEGA CONGRESOS AUDIOVISUALES SL	2018	93301	22100	340,98
B27321926	TA TA TA COMUNICACION Y DISEÑO	2018	24100	22299	1.197,90
B27461441	SOLUCIONS INTELIXENTES PROFESIONAIS SL	2018	15300	21000	1.701,11
33333944K	BARREIRA MARTINEZ SILAS	2019	49100	21200	297,54
A25009192	RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS SA	2019	92005	22103	36,12
A25009192	RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS SA	2019	92005	22103	6,03
A25009192	RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS SA	2019	92005	22103	29,87
A27019710	RADIO LUGO SA	2019	49100	22602	181,50
A36005718	ALMACENES CELSO MIGUEZ SA	2019	33381	21200	32,34
A36005718	ALMACENES CELSO MIGUEZ SA	2019	33381	21200	30,24
A65067332	GAS NATURAL SUR SDG SA	2019	93301	22100	98,40
A65067332	GAS NATURAL SUR SDG SA	2019	93301	22100	88,64
B27021237	PRELO SL	2019	92008	22000	219,62
B27248426	DESARROLLOS LUGONET SL	2019	92002	22799	181,50
B60961554	LAPPSET ESPANA VR SL	2019	17100	22799	1.579,78
B60961554	LAPPSET ESPANA VR SL	2019	17100	22799	789,89
B60961554	LAPPSET ESPANA VR SL	2019	17100	22799	789,89
B60961554	LAPPSET ESPANA VR SL	2019	17100	22799	1.579,78
Q2769002C	TESORERIA GRAL DE LA SS.SS.DIRECCION PROVINCIAL LUGO	2019	33000	16000	194,72
U75192310	UTE OIASSO BIDASOA	2019	33430	22699	72,00
U75192310	UTE OIASSO BIDASOA	2019	33430	22699	72,00

O presente anuncio servirá de notificación ás persoas interesadas.

Lugo, 21 de xullo de 2024.- O TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DA ÁREA DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA POR SUBSTITUCIÓN, Miguel Fernández Méndez.

R. 2127

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 26 de xuño de 2024 adoptou, entre outros, o acordo 9/302 **APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE LUGO PARA O ANO 2024**, no cal figuran incluídas as seguintes prazas de persoal funcionario:

PROMOCIÓN INTERNA:

- 1 prazas de Técnico/a medio, Escala Administración Xeral, Subescala Xestión, grupo A2.
- 2 prazas de Administrativo/a, Escala Administración Xeral, Subescala Administrativa, grupo C1.
- 3 prazas de Auxiliar Administrativo/a, Escala Administración Xeral, Subescala Auxiliar, grupo C2.
- 1 praza de Oficial maquinista fontaneiro/a, Escala Administración Especial, Subescala Servizos Especiais, grupo C2.

OPOSICION LIBRE:

- 2 prazas de Operario/a xardíns, Escala Administración Especial, Subescala Servizos Especiais, Grupo AP.
- 3 prazas de Auxiliar Administrativo/a, Escala Administración Xeral, Subescala Auxiliar, grupo C2.
- 2 prazas de Auxiliar Administrativo/a, Escala Administración Xeral, Subescala Auxiliar, grupo C2, reservada a quenda de persoas con discapacidade.
- 1 praza de Auxiliar de Biblioteca, Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, grupo C2.
- 1 praza de Oficial Conductor Mecánico/a, Escala de Administración Especial, Subescala Servizos Especiais, grupo C2.
- 1 praza Operario/a de Zona rural, Escala Administración Especial, Subescala Servizos Especiais, grupo AP.
- 1 praza Operario/a, Escala Administración Especial, Subescala Servizos Especiais, grupo AP.
- 1 praza de Traballador/a social, Escala Administración Especial, Subescala Técnica, grupo A2.
- 1 praza Oficial Vixiante Recadador/a, Escala Administración Especial, Subescala Servizos Especiais, grupo C2.
- 1 praza de Celador/a de centros de educación infantil e primaria, Escala Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais, grupo AP.
- 1 praza de Enxeñeiro/a Técnico/a Agrícola, Escala Administración Especial, Subescala Técnica, grupo A2.
- 1 praza de Mestre/a Electricista, Escala Administración Especial, Subescala Técnica, grupo C2.
- 1 praza de Oficial Electricista, Escala Administración Especial, Subescala Técnica, grupo C2.
- 1 praza de Ordenanza, Escala Administración Xeral, Subescala Subalterna, grupo AP.
- 1 praza de Ordenanza, Escala Administración Xeral, Subescala Subalterna, grupo AP, reservada a quenda de persoas con discapacidade intelectual.
- 1 praza de Técnico/a Especialista TIC, Escala Administración Especial, Subescala Técnica, grupo B.
- 4 prazas de Policía Local, Escala Administración Especial, Escala Básica, categoría policía, grupo C1.
- 2 prazas de Bombeiros/as Condutores/as, Escala Administración Especial, Subescala Servizos Especiais Extinción de incendios, grupo C2.

O que se fai público en cumprimento dos artigos 91 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 70 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro.

O Tenente de alcaldesa delegado da Área de Transición Ecolóxica do Excmo. Concello de Lugo, por suplencia do Tenente de alcaldesa delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos.

Lugo, 11 de xullo de 2024.- O Tenente de alcaldesa delegado da área de Transición Ecolóxica por suplencia do Tenente de alcaldesa delegado da área de Xestión Integral de Recursos Internos, Miguel Fernández Méndez.

R. 2128

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓNS AXUDA AO FOGAR BASICA E LEI DEPENDENCIA MAIO 2024 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 01.07.2024 aprobáronse os padróns de prezos públicos Axuda ao Fogar Básica e Lei Dependencia mes de MAIO 2024.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dos devanditos padróns dende o 16.07.2024 ao 16.09.2024.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 3 de xuño de 2024.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 2129

Anuncio

APROBACION PADRÓN FISCAL IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONOMICAS 2024 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 01.07.2024 aprobouse o padrón fiscal do imposto sobre actividades económicas do exercicio 2024.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei das facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 13 da Ordenanza xeral dos ingresos municipais de dereito público, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 16.08.2024 ata o 16.10.2024.

De acordo co artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior,

os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos polos conceptos sinalados, poderán facer o pago dos mesmos mediante:

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca ou Banco Sabadell en horario de atención ao público
- 2) A través de caixeiros automáticos nas devanditas entidades financeiras
- 3) A través da páxina web do Concello www.monfortedemos.e

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicarase as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 3 de xullo do 2024.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 2130

MONTERROSO

Anuncio

Por decreto de Alcaldía de data 15 de xullo de 2024 aprobáronse as bases para a creación dunha bolsa de traballo como persoal laboral temporal de auxiliares de axuda no fogar para o Concello de Monterroso

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No Rexistro Xeral deste Concello (presencial ou electrónico) ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de tres días (3) hábiles contados dende o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín oficial da provincia de Lugo

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios do Concello sito na sede electrónica do concello <https://monterroso.sedelectronica.es/info.0>

Monterroso, 15 de xullo de 2024.- O Alcalde, Eloy Pérez Sindin.

R. 2137

Anuncio

Por Decreto de 15/07/2024 aprobouse a ampliación da bolsa de emprego de persoal laboral temporal para o posto de auxiliares de axuda no fogar do Concello de Monterroso constituída polas bases aprobadas por Decreto de Alcaldía de 14/06/2024, visto que esta bolsa nestes momentos resulta insuficiente ás necesidades municipais e polo que se procede a un novo prazo para a presentación de solicitudes.

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No Rexistro Xeral deste Concello (presencial ou electrónico) ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de tres días (3) hábiles contados dende o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín oficial da provincia de Lugo

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios do Concello sito na sede electrónica do concello <https://monterroso.sedelectronica.es/info.0>

Monterroso, 15 de xullo de 2024.- O Alcalde, Eloy Pérez Sindin.

R. 2138

OUIROL

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 23.4 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 61.3 da Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, artigos 43 e 44 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e co previsto nos artigos 58.1 da Lei 20/2011, de 21 de xullo, de

Rexistro Civil e 51 do Código Civil, publícase que pola Alcaldía do Concello de Oourol en data 10 de xullo de 2024 adoptou Decreto que di:

Primeiro.- Delegar no concelleiro don Víctor García Rodríguez a celebración do Matrimonio Civil entre don Bruno Parapar Coello con NIF núm. ****199** e por dona Elena Fernández Sánchez con NIF núm. ****433**, a celebrar o día 13 de xullo de 2024 ás 13:30 horas nesta Casa Consistorial do Concello de Oourol.

Segundo.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia en cumprimento do previsto no artigo 44.2 do Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro.

Terceiro.- Dar conta da presente Resolución no primeiro Pleno ordinario que se celebre de conformidade co disposto no artigo 44.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais”.

Oourol, 10 de xullo de 2024.- O alcalde-presidente, José Luis Pajón Camba.

R.2131

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

O pleno do Concello de Pedrafita do Cebreiro, en sesión ordinaria celebrada en data 11 de xullo de 2024, aprobou inicialmente o expediente de suplemento de crédito nº2/SC/2024, Modificación orzamentaria nº7/2024, o que de conformidade co establecido no artigo 177, en relación do 169 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, exponse ó público por prazo de quince días, durante os cales, os interesados poderán examinalos e presentar as reclamacións ante o pleno.

Pedrafita do Cebreiro, 12 de xullo de 2024.- O alcalde, José Luís Raposo Magdalena.

R. 2139

VIVEIRO

Anuncio

Polo Pleno da Corporación, na sesión celebrada en data 5 de xuño de 2024 acordouse iniciar o procedemento de investigación de oficio dun camiño nas Pallaregas (Expte. 8248/2023)

Características do camiño

Por determinar no expediente de investigación (camiño nas Pallaregas)

Situación: Covas, Viveiro

Percorrido: Dende o vial municipal número 270 entre as parcelas con referencias catastrais 001702000PJ13E00001DP e 001702100PJ13E0001XP, rematando na colindancia coa parcela con referencia catastral 27067A02600543

Superficie: Por determinar (no expediente de investigación)

Lonxitude: Por determinar (no expediente de investigación)

Anchura: Por determinar (no expediente de investigación)

Este acordo de inicio de expediente de investigación exponse ó público por un período de 15 días, podendo presentarse alegacións no prazo dun mes dende o remate do período de exposición ó público, segundo establecen os artigos 49 e 50 do RBCL.

Viveiro, 11 de xullo de 2024.- A ALCALDESA, María Loureiro García.

R. 2132